



CIRCULAR ÁS FAMILIAS

ASUNTO: FONDO DE LIBROS (Orde de 21 de maio de 2015 – DOG de 1 de xuño)

A Consellería de Educación estableceu un sistema polo cal os alumnos poden recibir os libros de texto usados de alumnos doutros cursos anteriores. Créase así un fondo de libros de texto.

Neste fondo non está incluído outro tipo de material escolar que non sexa libros de texto.

REQUISITOS PARA ACCEDER AO FONDO DE LIBROS:

- a) Presentar unha solicitude. O prazo é do 2 ao 30 de xuño, ámbolos dous incluídos. Esta solicitude recóllese directamente nunha mesa situada cerca de conserxería, ou descárgase na aplicación <http://www/sede.xunta.es>
- b) Estar matriculado en 2º ou en 4º durante o curso 2015/2016.
- c) Ter devolto os libros de texto adquiridos coas axudas da Xunta do curso 2014/2015.

O sistema vai permitir a distribución dos libros existentes no fondo entre os alumnos en función da renda per cápita comprobada das súas familias.

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO USADOS, ADQUIRIDOS COAS AXUDAS DA XUNTA

- 1- Todos os alumnos deben devolver os libros que compraron coas axudas da Xunta e que usaron este curso.
- 2- Os alumnos que contan con aprobar todo en xuño poderán devolvelos os días 18, 19 e 22 de xuño, entregándoos en conserxería, onde deixarán constancia do acto.
Se algún destes alumnos, sen contar con elo, suspendera algunha materia, deberá pedir en conserxería que lle devolva o libro afectado, conservándoo ata o mes de setembro.
- 3- Os alumnos que teñan materias suspensas en xuño entregarán ao conserxe os días 23, 25 e 26 de xuño todos os libros das materias aprobadas, e se quedarán cos das materias suspensas.
Os días 3 e 4 de setembro entregarán os libros das materias suspensas ao conserxe.
- 4- Os alumnos que o 9 de setembro non devolvan os libros usados serán excluídos do fondo solidario de libros e das axudas para comprar libros novos. Ademais a Consellería poderá esixir o reintegro da axuda concedida pola compra deses libros.

A mediados de xullo publicarase na páxina web do centro en nos taboleiros de anuncios a relación de solicitantes e o listado dos libros dispoñibles.

O 15 de setembro publicarase polo mesmo medio a Resolución definitiva da asignación de libros por alumno.

Os días 16 e 17 de setembro os conserxes entregarán aos alumnos os libros solicitados.



ASUNTOS: AXUDAS PARA A COMPRA DE LIBROS DE TEXTO

- Para os alumnos que aproben todo en xuño, o prazo de presentación de solicitudes é do 25 de xuño ao 27 de xullo (ámbolos dous incluídos)
- Para os alumnos que se presenten aos exames de setembro o prazo é do 2 de setembro ao 2 de outubro (ámbolos dous incluídos).

As solicitudes para a compra de libros de texto pódense recoller directamente nunha mesa próxima a conserxería, ou descargarlas na aplicación:

<http://www/sede.xunta.es>

En Culleredo, a 4 de xuño de 2015

A directora,

Carmen R.-Trelles Astruga

